



CURSO DE ORIENTACIÓN LEGAL EN ESTRANXEIRIA

CUESTIONARIO MÓDULO I: Situación administrativa das persoas inmigrantes

1. A diferenza entre unha persoa inmigrante unha persoa refuxiada é:

Que a persoa refuxiada fuxe porque é perseguida ou teme poder selo

2. A Lei de estranxeiría en vigor en España é a Lei orgánica.

4/2000, de 11 de xaneiro

3. Unha persoa estranxeira que posúe una tarxeta de estudante atópase en España en:

Situación administrativa regular

4. Para obter unha autorización inicial de residencia temporal e traballo por conta allea, a persoa estranxeira debe:

Dispor dun visado e un contrato de traballo legal

5. A Tarxeta de Identidade de Estranxeiros:

É obrigatoria para toda persoa estranxeira que teña obtido unha autorización para residir en España

6. O procedemento para obter unha autorización de residencia por circunstancias excepcionais:

Permite acceder á situación de residencia a persoas que se atopan no territorio español en situación administrativa irregular ante determinadas situacións persoais.

7. A Autorización inicial de residencia e traballo por conta propia a ten que solicitar a persoa estranxeira:

Persoalmente no Consulado correspondente ao seu lugar de residencia

8. Un menor estranxeiro nacido en España obterá automaticamente unha autorización para residir:

Se o seu pai e/ou nai están en situación administrativa regular

9. Poderase conceder unha autorización por razóns humanitarias a unha persoa estranxeira:

As dúas respostas son correctas (Que teña sido vítima de racismo; Que teña sido vítima de violencia de xénero)

10. As Oficinas de Estranxeiría son:

As oficinas de Delegación de Goberno nas que se tramitan algunhas das cuestións relativas a estranxeiría



CUESTIONARIO MÓDULO II : Dereitos e deberes

1. A lexislación de estranxeiría en España outorga ás persoas estranxeiras:

Os dereitos e deberes que marcan a súa integración na sociedade española

2. O empadramento é un procedemento administrativo que:

É un deber e un dereito das persoas que residen en España

3. Para poder acceder á asistencia sanitaria en España é necesario:

Estar empadroadado no municipio no que se ten o domicilio habitual

4. A lexislación de estranxeiría establece que a educación é un dereito de:

Todas as persoas estranxeiras menores de 16 anos que viven en España

5. Para poder reagrupar a algún ou algunha familiar que la lexislación prevé, é necesario:

Ningunha das dúas respostas anteriores é correcta

6. Os dereitos que garante a lexislación de estranxeiría:

Refírense algúns a persoas estranxeiras que están en situación administrativa irregular e outras a persoas estranxeiras que están en situación administrativa regular

7. Para obter a nacionalidade española é necesario:

Ter residido de xeito continuado en España, o número de anos previsto para cada suposto

8. Cando se opta por acceder a un programa de retorno voluntario:

Non se pode regresar a España nun período de 3 anos

9. Para poder renovar una autorización temporal de residencia y traballo por conta allea débese:

As dúas respostas anteriores son correctas

10. Unha persoa estranxeira residente no territorio español é aquela que :

Que está en posesión dunha autorización para residir